

COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 10 DE XULLO DE 2014

Apróbase por asentimento:

- (i) A acta da reunión ordinaria da comisión académica do máster do día 15 de maio de 2014¹.
- (ii) O informe anual da Sra. Coordinadora no que se detallan as incidencias producidas durante a impartición do programa formativo no curso académico 2013-2014².
- (iii) O informe do Sr. Coordinador profesional no que se detallan as incidencias habidas durante a impartición do programa de práctica no curso académico 2013-2014³.
- (iv) O calendario de actividades docente e de avaliación do Máster universitario en Avogacía para o curso académico 2014-2015⁴.
- (v) Os horarios do Máster universitario en Avogacía para o curso académico 2014-2015⁵.
- (vi) O calendario de exames correspondentes á primeira e a segunda oportunidade de avaliación do curso 2014-2015⁶.
- (vii) As guías docentes do Máster universitario en Avogacía para o curso 2014-2015, aínda que condicionando a aprobación á subsanación dos erros detectados pola Sra. Coordinadora e pola Comisión de Garantía de Calidade. Acórdase a inclusión nas guías dunha cláusula xenérica sinalando que os exames terán lugar nas datas aprobadas pola CAM para a súa realización e publicados oficialmente.
- (viii) A listaxe provisional de alumnas/os admitidas/os, suplentes e excluídas/os no Máster Universitario da Avogacía para o curso 2014-2015⁷ e a delegación na Sra. Coordinadora da elevación a definitiva de dita lista.
- (ix) O Plan de prácticas da materia Prácticas externas para o curso 2014-2015, con inclusión do calendario do procedemento de asignación de despachos ao alumnado e o seu cronograma⁸.
- (x) O modelo de acta para a materia Tráballo Fin de Máster⁹.
- (xi) A listaxe de letradas/os elixidos pola Xunta de Goberno do ICA de Ourense como docentes do Máster universitario en Avogacía para o curso

¹ Achégase copia da acta aprobada*.

² Achégase copia do informe anual da Sra. Coordinadora*.

³ Achégase copia do informe anual do Sr. Coordinador*.

⁴ Achégase copia do calendario académico e da avaliación*.

⁵ Achégase copia dos horarios aprobados*.

⁶ Achégase copia do calendario de exames*.

⁷ Achégase copia da listaxe provisional*.


⁸ Achégase copia do Plan de prácticas*.

⁹ Achégase copia do modelo de acta*.

2014-2015¹⁰, incorporando para a materia Deontología, de acordo co Regulamento de Escolas de Prácticas Xurídicas e a proposta do Sr. Decano do ICA de Ourense, aos letrados D. Anxo M.ª Fernández Cebrián, D. Miguel Anxo González Trigás e D. Arturo González Estévez.

(xii) A modificación do Regulamento de prácticas externas do Máster universitario en Avogacía da Facultade de Dereito e os seus anexos III, IV e V¹¹.


Ourense, 11 de xullo de 2014



Marta Fernández Prieto

Secretaria da Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía celebrada o día 10 de xullo de 2014 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 17 de xullo de 2014.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria do Decanato da Facultade de Dereito

*Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

¹⁰ Achégase copia da listaxe*.

¹¹ Achégase copia do Regulamento modificado e dos anexos*